Aldemunde, espazo do nómade

Xurxo Alonso

15 decembro 2010 - 30 xaneiro 2011
Sexto Edificio do Museo de Pontevedra

PONTEVEDRA
2010

Exposición

Dirección
Xosé Carlos Valle Pérez

Coordinación
Beatriz de San Ildefonso Rodríguez

Coordinación administrativa
Pilar Caro Fernández
Juan Carlos de la Vega Castiñeiras
Manuel Villaverde Doval

Embalaxe e transporte
Artecom

Seguro
Generali Seguros
Lariño. Correduría de Seguros, S.A.

Deseño e montaxe
Museo de Pontevedra

Agradecementos

Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa

Luis Rúa

Cespón Artes, S.L.

José Luis Escurís Villa

Mariló Rodríguez

Catálogo

Coordinación xeral
Xosé Carlos Valle Pérez

Textos
David Barro
Xurxo Alonso
Miguel Anxo Fernán Vello

Tradución
Rosa Camiña Pérez - Interlingua Traduccións

Fotografía
José Luiz Oubiña

Coordinación editorial
Mª Ángela Comesaña Martínez

Edita
Museo de Pontevedra

Imprime
Gráficas Salnés S.L.

ISBN: 978-84-95632-47-0

Depósito Legal: PO 633-2010

Alonso, Xurxo (1956-)

Aldemunde, espazo do nómade : 15 decembro 2010-30 xaneiro 2011, Sexto Edificio do Museo de Pontevedra / Xurxo Alonso ; [textos, David Barro, Xurxo Alonso, Miguel Anxo Fernán Vello]. -- Pontevedra : Museo de Pontevedra, 2010
156, [1] p., [1] f. : il. cor ; 28 cm

Bibliografía: p. 153-156, [1]
Texto en español e galego
D.L. PO 633-2010
ISBN 978-84-95632-47-0

1. Alonso, Xurxo (1956-)-Exposicións. I. Barro, David (1974-). II. Fernán-Vello, Miguel Anxo (1958-).
III. Museo de Pontevedra. IV. Título

Consello Reitor do Museo de Pontevedra

Presidente

Rafael Louzán Abal
Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra

Presidenta Executiva

Teresa Pedrosa Silva

Vogais

José Juan Durán Hermida
José Manuel Figueroa Vila
José Antonio Olmedo Granja
Gabriel Martínez Giráldez

Director

Xosé Carlos Valle Pérez

Director de Xestión

Antonio Montero Carro

Interventor Delegado

Julio Souto Diz

Secretario Delegado

Bernardo Sartier Boubeta

Secretario Técnico

Xosé Fuentes Alende

Exija de si o que sabe que não poderá fazer.
Não é outro o caminho da beleza.

"Carta a Ronald de Carbalho"
Pessoa

ALONSO
8

Is et Cupios, se paritem audees ilium dius anterem postodiis, vivil vignatam percemenis. Ehem imoenteme condam huium ad casdam es hilicipio, morarte cae cons condis consil ta dis is, notelis.

Os compecre forum quium in pulem Palabit, con vic re poniam cri invendam maccis conscri imed confirio ca dere endi perrae, dentem prordi curorius intreissul vituam, mis huctus faccia publis cota teatam achuius, quon sus potisso ltusquo ditemur nimis. Ortiorbit virteri fur ac fin tus adducernius, quas tuas pra vo, que fit. Vivis caedo, morum nicente simus; nonditilibus ventelis omnihic iocuper atur que conum moendit factam dii sunteri bularitus eridere ndeliquitiem patum vides! Simus co arbi striorum quam inemortemus. Odit; nostam nosunt, C. Habes nostre, ut vernihiliam neribus. Eps, Catis, morum is, firmihi licatquit, senatie naterfe curordit videes o consultus vit etiliissula conscestra temum siliconsu iaciam latuam non det; et is. Mae prae in Itabem auc renari, que cerei publiam adhucon Ita peri publintertem perus porum se foreme ment.

Otimmor suscre tere consus inatilis, turniquod consuliquam ci pra eri consum incem, us; nos, ci pridefecus, portes estemque mei condees ilicae etrae con tu ma, furs consus finatio, Catum se in sedium cur pubitid inatil utus dessa L. Qui converi con vivis. Foridem nihina, publicas conti, ublibus hil hilicul istori st noste, nordies aurnit, pre nonihil hala ilium pate mo iae pro, Cas patifecrem, tilii con det; nonsum nos inam.

Ex nostis nonsus, nit. Ut aucon vast aute, stissa denihilicit; et viliem utem mod scris, ner hos vius acricer rachui prave, non in Itarbis. Etio ut audermis omnite nium horus et fuit nescesularis mandius atur que con hus; interferum in se nos C. Serius ex senteliis. estere dem factatum.

XURXO ALONSO. DESBORDANDO A ECUACIÓN DA PINTURA

David Barro

O primeiro problema que me atopo á hora de poñerme a escribir sobre o traballo de Xurxo Alonso é como definilo, onde situalo, como etiquetalo. Axiña abandono esa idea para, coma el, despregar unha lóxica desdobrada que me permita desbordar da habitual linealidade da escritura para trazar ou debuxar toda unha sorte de pregas, fisuras e mundos paralelos que consigan profundar dun modo máis cómplice na súa poética. Ao cabo, se en algo penetra o seu traballo é na ambigua incerteza de non conseguir recoñecer algo, sobre todo agora que nos seus últimos traballos a mancha se libera e o aceite desfai a pintura.

Nas últimas obras de Xurxo Alonso a ecuación da pintura complícase. A realidade como colaxe, dentro e fóra do 'cadro', combina agora o xeométrico e o xestual dun xeito máis decidido, cando antes o xeométrico afogaba no xesto ou, en todo caso, emerxía deformado. Algo así coma se o fragmento cobrase unha nova forza, aliándose con todo o que supoña relevo, coa rugosidade do soporte. De aí o seu interese polas portas, e polos cartóns. O seu estudio, inzado de papeis de xornal, de cartóns, de ladrillos e de fragmentos pictóricos conforma unha sorte de píxel continuo que enmarca o xesto, que sempre acaba aparecendo, contorsionado, azaroso.

Xurxo Alonso traballa o perfil das cousas para pronto cuspir as súas formas coma se agromasen coa mera intención de fracturar o plano pictórico. Son formas que avanzan, e que nos poderían levar a pensar nas teorías de Michel Serres, para quen a historia da ciencia está sometida á turbulencia, é dicir, está suxeita a conexións aleatorias de todo tipo entre di-

XURXO ALONSO. DESBORDANDO LA ECUACIÓN DE LA PINTURA

David Barro

El primer problema que me encuentro a la hora de ponerme a escribir sobre el trabajo de Xurxo Alonso es cómo definirlo, dónde ubicarlo, cómo etiquetarlo. Pronto abandono esa idea para, como él, desplegar una lógica desdoblada que me permita desbordar la habitual linealidad de la escritura para trazar o dibujar toda una suerte de pliegues, fisuras y mundos paralelos que consiguen ahondar de un modo más cómplice en su poética. Al fin y al cabo, si en algo penetra su trabajo es en la ambigua incertidumbre de no conseguir reconocer algo, máxime ahora que en sus últimos trabajos la mancha se libera y el aceite deshace la pintura.

En las últimas obras de Xurxo Alonso la ecuación de la pintura se complica. La realidad como collage, dentro y fuera del 'cuadro', combina ahora lo geométrico y lo gestual de un modo más decidido, siendo antes que lo geométrico se ahogaba en el gesto o, en todo caso, emergía deformado. Algo así como si el fragmento cobrara una nueva fuerza, aliándose con todo lo que suponga relieve, con la rugosidad del soporte. De ahí su interés en las puertas, y en los cartones. Su estudio, lleno de papeles de periódico, de cartones, de ladrillos y de fragmentos pictóricos conforman una suerte de píxel continuo que enmarca el gesto, que siempre acaba apareciendo, contorsionado, azaroso.

Xurxo Alonso trabaja el perfil de las cosas para pronto escupir sus formas como si brotasen con la mera intención de fracturar el plano pictórico. Son formas que avanzan y que podrían llevarnos a pensar en las teorías de Michel Serres, para quien la historia de la ciencia está sometida a la turbulencia, es decir, está

Burcio. 2010

versas áreas. Serres sinala como a ciencia avanza a partir do imprevisible e o inesperado. O espectador, ante as obras de Xurxo Alonso, asiste tamén a unha sorte de deriva. Se cadra por todo isto non existe un centro nas súas obras; todos os ángulos e direccións son válidos á hora de asaltar a esexese dos seus traballos. E é que Xurxo Alonso contradí o dirixido, dificulta a visión fácil e multiplica as posibilidades do que, en principio, nos debería resultar familiar.

Poderiamos falar, xa que logo, das heterotopías que define Foucault[1], divididas polo espello: «Coido que entre as utopías e estas localizacións absolutamente outras, estas heterotopías, habería, sen dúbida, unha sorte de experiencia mixta, medianeira, que sería o espello. O espello é unha utopía, porque é un lugar sen lugar. No espello véxome onde non estou, nun espazo irreal que se abre virtualmente detrás da superficie; estou alá, alá onde non estou, especie de sombra que me devolve a miña propia visibilidade, que me permite mirarme alá onde estou ausente: utopía do espello. Pero é igualmente unha heterotopía, na medida en que o espello existe realmente e ten, sobre o lugar que ocupo, unha especie de efecto de retorno; a partir do espello descúbrosujeta a conexiones aleatorias de todo tipo entre diversas áreas. Serres señala como la ciencia avanza a partir de lo impredecible y lo inesperado. El espectador ante las obras de Xurxo Alonso asiste también a una suerte de deriva. Tal vez por todo esto no existe un centro en sus obras; todos los ángulos y direcciones son válidos a la hora de asaltar la exégesis de sus trabajos. Y es que Xurxo Alonso contradice lo dirigido, dificulta la visión fácil y multiplica las posibilidades de lo que, en principio, debiera resultarnos familiar.

Podríamos hablar, entonces, de las heterotopías que define Foucault[1], divididas por el espejo: "Creo que entre las utopías y estos emplazamientos absolutamente otros, estas heterotopías, habría sin duda una suerte de experiencia mixta, medianera, que sería el espejo. El espejo es una utopía, porque es un lugar sin lugar. En el espejo, me veo donde no estoy, en un espacio irreal que se abre virtualmente detrás de la superficie, estoy allá, allá donde no estoy, especie de sombra que me devuelve mi propia visibilidad, que me permite mirarme allá donde estoy ausente: utopía del espejo. Pero es igualmente una heterotopía, en la medida en que el espejo existe realmente y tie-

1 Michel Foucault, *Espacios diferentes en Obras esenciales* Vol. III. «Estética, ética y hermenéutica», Editorial Paidós, Barcelona, 1999.

1 Michel Foucault, *Espacios diferentes en Obras esenciales* Vol. III. «Estética, ética y hermenéutica», Editorial Paidós, Barcelona, 1999



Sindrán, detalle. 2010

me ausente no lugar en que estou, posto que me vexo alá»[2]. Penso nesa sorte medianeira que Xurxo Alonso resolve na súa serie «A fuga do mar», onde nos convida a navegar en «auga de ninguén» con «navíos de espellos», «entre dous mares» para esculcar «os segredos da auga». Coma nos relatos de Maurice Blanchot, as pinturas de Xurxo Alonso nos desorientan na súa variabilidade de formas porque albergan un outro tempo, non ficticio, senón o da narración debuxada, ou se se prefire o da experiencia de conformación desas formas abertas ao descoñecido. Porque o tempo aquí se experimenta.

Insistamos para deixalo claro: en Xurxo Alonso a pintura nace da experiencia, como aquel fluír caótico que Michel Serres destila de Lucrecio na súa porfía por mostrar que o nacemento da física nace no século I antes de Cristo a partir do texto «Da natureza das cousas», do citado poeta e filósofo romano. Lucrecio describe dúas clases de caos: o caos/pendente —caudal laminar dos elementos ou fluxo que traza un espazo fibrado— e o caos/nube —máis desordenado, flutuante e cheo de disimilitudes e oposicións—, sobre os cales se ha impoñer a refolada a modo de pre-ordenación das cousas. A pintura poetizada por Xurxo Alonso tamén vén ser unha

2 Michel Foucault, *De los espacios otros (Des espaces autres)*, Conferencia dictada no Cercle des études architecturals, 14 de marzo de 1967, publicada en *Architecture, Mouvement, Continuité*, n.º 5, outubro de 1984. Traducida por Pablo Blitstein e Tadeo Lima.

ne, sobre el lugar que ocupo, una especie de efecto de retorno; a partir del espejo me descubro ausente en el lugar en que estoy, puesto que me veo allá"[2]. Pienso en esa suerte medianera que Xurxo Alonso resuelve en su serie 'La fuga del mar', donde nos invita a navegar en 'agua de nadie' con 'navíos de espejos', 'entre dos mares' para escrutar 'los secretos del agua'. Como en los relatos de Maurice Blanchot las pinturas de Xurxo Alonso nos desorientan en su variabilidad de formas porque albergan un otro tiempo, no ficticio, sino el de la narración dibujada, o si se prefiere de la experiencia de conformación de esas formas volcadas a lo desconocido. Porque el tiempo aquí se experimenta.

Insistamos para dejarlo claro: en Xurxo Alonso la pintura nace de la experiencia, como aquel fluir caótico que Michel Serres destila de Lucrecio en su empeño en mostrar que el nacimiento de la física nace en el siglo I antes de Cristo a partir del texto «De la naturaleza de las cosas», del citado poeta y filósofo romano. Lucrecio describe dos clases de caos, el caos/pendiente -caudal laminar de los elementos o flujo que traza un espacio fibrado- y el caos/nube -más desordenado, fluctuante y lleno de disimilitudes y oposiciones-, sobre los que se impondrá el tor-

2 Michel Foucault - *De los espacios otros (Des espaces autres)*, Conferencia dictada en el Cercle des études architecturals, 14 de marzo de 1967, publicada en *Architecture, Mouvement, Continuité,* nº 5, octubre de 1984. Traducida por Pablo Blitstein y Tadeo Lima.

Martineto. 2010

orde sobre a desorde ou, máis concretamente, unha refolada por fluxión próxima ás dúas ordes citadas.

Pero falabamos de tempo, e o tempo da pintura de Xurxo Alonso é como aquel tempo, «grande escultor», relatado por Marguerite Yourcenar, mesto e con vida alén do xesto artístico. Penso nas palabras de Yourcenar e éme inevitable facelo nese xeito de traballar sobre o material encontrado de Xurxo Alonso e nesa vida máis alá do autor que intuímos en cada peza: «As barcas que transportaban dun a outro porto o pedido executado por un escultor, as galeras onde os conquistadores romanos amorearan o seu botín grego para levalo a Roma ou, pola contra —cando Roma tornou pouco segura—, para transportalo a Constantinopla, ás veces naufragaron, arrebolando ao mar corpos e bens; algúns deses bronces naufragados, repescados en boas condicións, como uns afogados reanimados a tempo, non conservaron da súa estadía submarina máis ca unha pátina averdada, coma o Efebo de Maratón ou os dous poderosos atletas de Erice atopados máis recentemente. Houbo fráxiles mármores, en troques,

bellino a modo de pre-ordenación de las cosas. La pintura poetizada por Xurxo Alonso también viene a ser un orden sobre el desorden, o más concretamente un torbellino por fluxión cercano a los dos órdenes citados.

Pero hablábamos de tiempo y el tiempo de la pintura de Xurxo Alonso es como aquel tiempo 'gran escultor' relatado por Marguerite Yourcenar, denso y con vida más allá del gesto artístico. Pienso en las palabras de Yourcenar y me es inevitable hacerlo en esa manera de trabajar sobre el material encontrado de Xurxo Alonso y esa vida más allá del autor que intuimos en cada pieza: "Las barcas que transportaban de uno a otro puerto el pedido ejecutado por un escultor, las galeras en donde los conquistadores romanos habían amontonado su botín griego para llevarlo a Roma o, por el contrario -cuando Roma se hizo poco segura-, para transportarlo a Constantinopla, a veces naufragaron, echando al mar cuerpos y bienes; algunos de esos bronces naufragados, repescados en buenas condiciones, como unos ahogados reanimados a tiempo, no conserva-

que saíron do mar corroídos, comestos, ornados de barrocas volutas esculpidas polo capricho das ondas, cheos de cunchas incrustadas como esas caixas que mercabamos nas praias cando eramos nenos. A feitura e o xesto que lles impuxo o escultor non foron para esas estatuas senón un breve episodio entre a súa incalculable duración de rocha no seo da montaña e logo a súa longa existencia de pedra xacente no fondo das augas. Pasaron por esa descomposición sen agonía, por esa perda sen morte, por esa supervivencia sen resurrección, que é a da materia entregada ás súas propias leis; xa non nos pertencen». E ese espírito nómade está máis que presente no traballo de Xurxo Alonso, que sinala como «o autor concibe un territorio e faino illa, concedéndolle errancia como illa flotante, e descríbeo». Sinalábao a propósito dos seus libros o poeta Xosé María Álvarez Cáccamo, relatando como estes exploran con ánimo totalizador «o colectivo ilimitado das tribos da costa, o reino inesgotable das materias e substancias minerais (piritas, granates, turmalinas, aceite de cedro, tintura de cateco, cera de abella...), o drama completo da guerra xenocida (a invasión de Iraq polo exército do imperio) en tráxicas escenas de milimétrico calendario, as páxinas todas —cada letra, cada parágrafo— dun breviario onde habita o pormenor da vida e a multitude da morte». E efectivamente, a súa proxección pictórica debuxa unha idéntica perspectiva de totalidade dende o amoreamento poético.

Penso na pintura de Xurxo Alonso e decontado asocio esa deriva cara á destrución, relatada por Yourcenar, como acción de refundar, como un volver facer algo que nace do mesmo borramento, como o acto dun graffiti con forma de palimpsesto, que en grego significa «borrado novamente». Chámaselle palimpsesto ao manuscrito que conserva pegadas doutra escritura anterior na mesma superficie, aínda que borrada expresamente para dar lugar á que agora existe. Non é, logo, a pintura suicida de Xurxo

ron de su estancia submarina más que una pátina verdosa, como el Efebo de Maratón o los dos poderosos atletas de Erice hallados más recientemente. Hubo frágiles mármoles, en cambio, que salieron del mar corroídos, comidos, ornados de barrocas volutas esculpidas por el capricho de las olas, llenos de conchas incrustadas como esas cajas que comprábamos en las playas cuando éramos niños. La forma y el gesto que les había impuesto el escultor no fueron para esas estatuas sino un breve episodio entre su incalculable duración de roca en el seno de la montaña y luego su larga existencia de piedra yacente en el fondo de las aguas. Pasaron por esa descomposición sin agonía, por esa pérdida sin muerte, por esa supervivencia sin resurrección que es la de la materia entregada a sus propias leyes; ya no nos pertenecen". Y ese espíritu nómada está más que presente en el trabajo de Xurxo Alonso, que señala cómo "el autor concibe un territorio y lo hace isla, concediéndole errancia como isla flotante, y lo describe. Lo señalaba a propósito de sus libros el poeta Xosé María Álvarez Cáccamo, relatando cómo éstos exploran con ánimo totalizador "el colectivo ilimitado de las tribus de la costa, el reino inagotable de las materias y sustancias minerales (piritas, granates, turmalinas, aceite de cedro, tintura de catecú, cera de abeja…), el drama completo de la guerra genocida (la invasión de Irak por el ejército del imperio) en trágicas escenas de milimétrico calendario, las páginas de todas –cada letra, cada párrafo- de un breviario donde habita el pormenor de la vida y la multitud de la muerte". Y efectivamente su proyección pictórica dibuja una idéntica perspectiva de totalidad desde el amontonamiento poético.

Pienso en la pintura de Xurxo Alonso e inmediatamente asocio esa deriva hacia la destrucción relatada por Yourcenar como acción de refundar, como un volver a hacer algo que nace del mismo borramiento, como el acto de un graffiti con forma de palimpsesto, que en griego significa 'borrado nuevamente'. Se

Azul de Amberes e Mondoi. 2010

Alonso unha sorte de palimpsesto...? Aínda que si é verdade que na pintura de Xurxo Alonso non nos é posible retirar a información. Pero si é o resultado de pintar sobre o descoñecido: «O pintor crea imaxes e dá a oportunidade de ser, e dende a certeza da nada xorden obxectos, formas, nacen á luz e levántanse nos espazos que a escuridade baleirara», escribirá. O baleiro pasa a funcionar así a modo de sutil membrana que máis que espazo inerte se manifesta como escenario propicio para a (re)construción da figura, para a (re)fabricación da materia e para que enerxías invisibles como a luz e indicibles como a palabra de historia de cadros emblemáticos da historia da arte se crucen nese baleiro que máis que recipiente pasivo se nos expresa como enigmático fondo activo.

É coma se a personalidade do autor desaparecese para reaparecer máis tarde. As formas e cores xeran unha presenza impalpable. Como aquel debuxo de De Kooning borrado por Rauschenberg, o baleiro torna denso, saturado. Achegariámonos ao concepto de «infraleve» de Duchamp, a esa realidade como interrogante, ao cadro como superficie de tránsito ou espazo intersticial que nace do exceso de información. «O artista, sempre á espera do achádego, do encontro, deixa de oír a palabra que o guía. Entón estará acabada para o seu autor; agora tócalle

llama palimpsesto al manuscrito que conserva huellas de otra escritura anterior en la misma superficie, aunque borrada expresamente para dar lugar a la que ahora existe. ¿No es por tanto la pintura suicida de Xurxo Alonso una suerte de palimpsesto?... Aunque sí es verdad que en la pintura de Xurxo Alonso no nos es posible retirar la información. Pero sí es el resultado de pintar sobre lo desconocido: "El pintor crea imágenes y da la oportunidad de ser y desde la certeza de la nada surgen objetos, formas, nacen a la luz y se levantan en los espacios que la oscuridad había vaciado", escribirá. El vacío pasa a funcionar así a modo de sutil membrana que más que espacio inerte se manifiesta como escenario propicio para la (re)construcción de la figura, para la (re)fabricación de la materia y para que energías invisibles como la luz e indecibles como la palabra de historia de cuadros emblemáticos de la historia del arte se crucen en ese vacío que más que contenedor pasivo se nos expresa como enigmático fondo activo.

Es como si la personalidad del autor desapareciera para reaparecer más tarde. Las formas y colores generan una presencia impalpable. Como aquel dibujo de De Kooning borrado por Rauschenberg, el vacío se torna denso, saturado. Nos acercaríamos al concepto de 'infraleve' de Duchamp, a esa realidad como interrogante, al cuadro como superficie de

continuar facéndose na viaxe a través dos ollos dun posible espectador».

No fondo, o que está patente é unha actitude que non difire moito da tomada por autores como Rauschenberg nos anos setenta. Rauschenberg pensa o seu traballo como unha teoría de xogos ou toma de decisións que nace do obxecto atopado. De aí que o democrático cartón de embalaxe se convertese en arma principal do artista para traballar o inespecífico, pero sobre todo para amosar unha historia, sempre con marcas da súa vida anterior, conformándose a modo de palimpsesto. Mais tamén o papel ou o tecido, individualizados ou contaminados, e algún outro material como o bronce ou a lama, transferindo para estes as calidades flexibles do cartón nun exercicio de representación. E é que o uso do cartón, ou mellor, a súa exploración obsesiva por parte de Rauschenberg, non deixará que perda o seu carácter de obxecto, a súa natureza como material, como si sucedía con dadaístas e cubistas ou, sobre todo, con Kurt Schwitters na súa intención de rachar coa tradición da pintura. Rauschenberg ennobrece o material en si, construíndo posibilidades serendípicas, buscando o imprevisible e creando poesía dende o accesible.

Coma este, Xurxo Alonso insiste en determinados detalles. Se pensamos en termos derridianos descubrimos que a repetición agocha un dobre desexo paradoxal: o da cinza, en tanto que borramento do borramento da pegada, é dicir, a destrución total ou desaparición sen resto; e a necesidade de custodiar na memoria, de arquivar, de gardar. Derrida fálanos de como buscar ese arquivo de modo repetido, nostálxico; revela un desexo de retorno á orixe, un mal de arquivo que na súa intención conservadora acaba por solapar o recordo, por negar o discurso. Por iso nesta pintura con forma de palimpsesto de Xurxo Alonso acaba por non se ver nada, resultando totalmente ilexible a súa poesía de emocións que,

tránsito o espacio intersticial que nace del exceso de información. "El artista, siempre a la espera del hallazgo, del encuentro, deja de oír la palabra que le guía. Entonces estará acabada para su autor, ahora le toca continuar haciéndose en el viaje a través de los ojos de un posible espectador".

En el fondo, lo que está patente es una actitud que no difiere mucho de la tomada por autores como Rauschenberg en los años setenta. Rauschenberg piensa su trabajo como una teoría de juegos o toma de decisiones que nace del objeto encontrado. De ahí que el democrático cartón de embalaje se haya convertido en arma principal del artista para trabajar lo inespecífico, pero sobre todo para mostrar una historia, siempre con marcas de su vida anterior, conformándose a modo de palimpsesto. Pero también el papel o el tejido, individualizados o contaminados, y algún que otro material como el bronce o el barro, transfiriendo para estos las cualidades flexibles del cartón en un ejercicio de representación. Y es que el uso del cartón, o mejor su exploración obsesiva por parte de Rauschenberg, no dejará que pierda su carácter de objeto, su naturaleza como material, como sí sucedía con dadaístas y cubistas o, sobre todo con Kurt Schwitters en su intención de romper con la tradición de la pintura. Rauschenberg ennoblece el material en sí, construyendo posibilidades serendípicas, buscando lo imprevisible y creando poesía desde lo accesible.

Como éste, Xurxo Alonso insiste en determinados detalles. Si pensamos en términos derridianos encontramos que la repetición esconde un doble deseo paradójico; el de la ceniza en tanto que borramiento del borramiento de la huella, es decir, la destrucción total o desaparición sin resto; y la necesidad de custodiar en la memoria, de archivar, de guardar. Derrida nos habla de cómo buscar ese archivo de modo repetido, nostálgico; revela un deseo de retorno al origen, un mal de archivo que



Flores de alba de Orán. 2008

de tanto disfrazar e fusionar o visible, o converten en indescifrable, poetizándoo todo máis aínda. E o artista entende iso que queda claro en palabras de Valente: «A matriz da creación é a nada ou, dito doutro xeito, a creación da nada é o acto que precede a toda creación».

Poderiamos pensar metaforicamente en como a vida escribe sobre nós e deixa marcas, cicatrices que, en moitos casos, tratamos de esconder. A loita entre a marca (memoria) e a marca (pel) é continua, e como árbitro actúa o tempo, a nosa historia. Como exemplo cinematográfico, poderiamos citar Memento, de Christopher Noland, onde un home escribe frases sobre o seu corpo para recordar quen é; tatúa e marca o seu corpo para non esquecer a súa vida, a súa historia. Igual que a obra de Xurxo Alonso, o corpo é un silenciado universo sobrecargado de informacións; e o fragmento devén poesía, como en Barthes.

Neste sentido, a obra de Xurxo Alonso axéitase perfectamente ao devir da pintura contemporánea, predominantemente híbrida, e nese sentido neobarroca, cada vez máis tendente á hibridación, á co-

en su intención conservadora acaba por solapar el recuerdo, por negar el discurso. Por eso en esta pintura con forma de palimpsesto de Xurxo Alonso acaba por no verse nada, resultando totalmente ilegible su poesía de emociones que de tanto disfrazar y fusionar lo visible lo convierten en indescifrable poetizándolo todo más todavía. Y el artista entiende eso que queda claro en palabras de Valente: "La matriz de la creación es la nada o, dicho de otro modo, la creación de la nada es el acto que precede a toda creación".

Podríamos pensar metafóricamente en cómo la vida escribe sobre nosotros y deja marcas, cicatrices que, en muchos casos, tratamos de esconder. La lucha entre la marca (memoria) y la marca (piel) es continua y como árbitro, el tiempo, nuestra historia. Como ejemplo cinematográfico podríamos citar Memento, de Christopher Noland, donde un hombre escribe frases sobre su cuerpo para recordar quién es; tatúa y marca su cuerpo para no olvidar su vida, su historia. Como la obra de Xurxo Alonso, el cuerpo es un silenciado universo sobrecargado de informaciones; y el fragmento deviene poesía, como en Barthes.

laxe, á disolución das disciplinas e á combinación do dixital e o analóxico. Unha pintura que se fixa dende unha filosofía da desorde e o inestable, dende unha estética do caótico.

Como sinala Fernando Castro Flórez, «a mobilidade barroca xera o seu claroscuro, o seu pregamento luminoso; a súa verdade é como a aletheia, unha proximidade que se reserva. O barroco intenta a obra ou a operación infinita, conduce a materia cara aos matices, ás maneiras»[3]. Por iso moitos artistas, como Xurxo Alonso, entenden a obra como palimpsesto. Pero tamén como corte ou ruptura. Ou como detalle ou fragmento; estéticas ben analizadas por Calabrese.

Así, o espazo é, neste caso, unha ausencia pura que permite todas as presenzas. Xurxo Alonso mergúllanos nun xogo de ocultación e visibilidade. Posturas máis románticas habíannos falar dunha arte como ponte do visible e o invisible. O baleiro devén recipiente na súa densidade abstracta, e como acontece na arquitectura do silencio (o branco da páxina de Mallarmé), a plenitude non se pode aloxar só na palabra nin no xesto. Na obra de Xurxo Alonso todo tende a desaparecer a partir da acumulación, porque se algo nos propón continuamente é que entremos nun universo de intersecciónes e solapamentos, de fragmentos, de encontros casuais, de territorios e de memorias coma a de Aldemunde, trazando mundos sobre as escachaduras do pasado.

3 Castro Flórez, F.: «Tribulaciones y lección de sombras. [Citas y pensamientos deshilachados sobre el barroco que no cesa]», *Barrocos y Neobarrocos. El infierno de lo bello*, Fundación Salamanca Ciudad de la Cultura, 2005.

En este sentido, la obra de Xurxo Alonso encaja perfectamente con el devenir de la pintura contemporánea, predominantemente híbrida, y en ese sentido neobarroca, cada vez más tendente a la hibridación, al collage, a la disolución de las disciplinas, y a la combinación de lo digital y lo analógico. Una pintura que se fija desde una filosofía del desorden y lo inestable, desde una estética de lo caótico.

Como señala Fernando Castro Flórez "la movilidad barroca genera su claroscuro, su plegamiento luminoso, su verdad es como la aletheia una cercanía que se reserva. El barroco intenta la obra o la operación infinita, conduce la materia hacia los matices, las maneras"[3]. De ahí que muchos artistas, como Xurxo Alonso, entiendan la obra como palimpsesto. Pero también como corte o ruptura. O como detalle o fragmento; estéticas bien analizadas por Calabrese.

Así, el espacio es, en este caso, una ausencia pura que permite todas las presencias. Xurxo Alonso nos sume en un juego de ocultación y visibilidad. Posturas más románticas nos hablarían de un arte como puente de lo visible y lo invisible. El vacío deviene recipiente en su densidad abstracta y como acontece en la arquitectura del silencio (el blanco de la página de Mallarmé) la plenitud no se puede alojar sólo en la palabra, ni en el gesto. En la obra de Xurxo Alonso todo tiende a desaparecer a partir de la acumulación, porque si algo propone continuamente es que entremos en un universo de intersecciones y solapamientos, de fragmentos, de encuentros casuales, de territorios y de memorias como la de Aldemunde, trazando mundos sobre los desconchones del pasado.

3 Castro Flórez, F.: "Tribulaciones y lección de sombras. [Citas y pensamientos deshilachados sobre el barroco que no cesa]", *Barrocos y Neobarrocos. El infierno de lo bello*, Fundación Salamanca Ciudad de la Cultura, 2005.

ALDEMUNDE, «ESPAZO DO NÓMADE»

Xurxo Alonso

O autor concibe un territorio. Faino illa. Concédelle errancia como illa que aboia e descríbeo, cos seus homes e as súas ansias, nun poemario, Breviario de Aldemunde. Recrea as súas fragas e as súas montañas, toma en préstamo para iso a vexetación de Henry Michaux, as paisaxes de Friedrich, as pedras do Lapidario de Afonso X ou as apartadas illas de Knut Hamsun.

Procede despois a 'ocupalo' rescatando elementos da memoria; con ese fin crea pezas e obxectos que pertencen a ese mundo, obxectos baixados do soño e do tempo na desorde ditada polo azar onde conviven diversos estilos, executando obras de variadas feituras, adoptando para iso distintas personalidades. Dicía Paul Valéry: «en realidade o pracer intelectual consiste en superarse, en abraiarse a un mesmo», para iso nada mellor que non repetirse. Hoxe a illa persiste nunha errancia que non é viaxe, pois a ningún lado vai, insensible ás mudanzas do tempo e dos homes, nunha quietude de obxectos e cousas que aletarga o canto dos paxaros.

As palabras de Álvaro Mutis en Summa de Maqroll el Gaviero habíana definir con delicadeza: «hai obxectos que non viaxan nunca, permanecen así inmunes ao esquecemento e aos máis arduos labores que impoñen o uso e o tempo, demóranse nunha eternidade feita de intres paralelos que entretecen a nada e o costume. Esta condición senlleira colócaos á marxe da marea e da febre da vida. Non os visita a dúbida nin o espanto e a vexetación que os vixía é apenas unha tenue pegada da súa va duración».

O autor recompón a memoria de Aldemunde, ergue o seu mundo a través do muro do tempo pasado. Calquera aparición, calquera descuberta ou encontro é unha festa da rememoración. É o labor de Adán póndolles nome ás cousas.

ALDEMUNDE, 'ESPACIO DEL NÓMADA'

Xurxo Alonso

El autor concibe un territorio. Lo hace isla. Le concede errancia como isla flotante y lo describe, con sus hombres y sus afanes, en un poemario, 'Breviario de Aldemunde'. Recrea sus bosques y sus montañas, toma en préstamo para ello la vegetación de Henry Michaux, los paisajes de Friedrich, las piedras del 'Lapidario' de Alfonso X o las apartadas islas de Knut Hamsun.

Procede después a 'ocuparlo' rescatando elementos de la memoria, para ello crea piezas y objetos que pertenecen a ese mundo, objetos bajados del sueño y del tiempo en el desorden dictado por el azar donde conviven diversos estilos, ejecutando obras de variadas facturas, adoptando para ello distintas personalidades. Decía Paul Valéry 'en realidad el placer intelectual consiste en superarse, en asombrarse a sí mismo', para ello nada mejor que no repetirse. Hoy la isla persiste en una errancia que no es viaje, pues a ningún lado va, insensible a los vaivenes del tiempo y de los hombres, en una quietud de objetos y cosas que aletarga el canto de los pájaros.

Las palabras de Álvaro Mutis en 'Summa de Maqroll el Gaviero' la definirían con delicadeza 'hay objetos que no viajan nunca, permanecen así inmunes al olvido y a las más arduas labores que imponen el uso y el tiempo, se detienen en una eternidad hecha de instantes paralelos que entretejen la nada y la costumbre. Esta condición singular los coloca al margen de la marea y la fiebre de la vida. No los visita la duda ni el espanto y la vegetación que los vigila es apenas una tenue huella de su vana duración'.

El autor recompone la memoria de Aldemunde, alza su mundo a través del muro del tiempo pasado. Cualquier aparición, cualquier hallazgo o encuentro es una fiesta de la rememoración. Es la tarea de Adán poniendo nombre a las cosas.

Brantibao, o xardín dos velenos. 2008

O AUTOR E A AUTORÍA

Segundo Deleuze e Guattari, «o espazo do nómade é liso, só estará marcado por trazos que se borran e desprazan co traxecto». Así, Aldemunde convértese no espazo do nómade, o dun autor que transita polos estilos, descompondo o camiño do cadro. Que ninguén coñeza os seus pasos, que o proceso sexa un misterio, tal é o seu labor. Borrar as pegadas. Que non saiban como o fixo. Pero que tampouco saiban que é seu. Nomadismo de autoría.

Dicía Óscar Wilde: «o artista é o creador de cousas fermosas. Revelar a arte e ocultar o artista é a finalidade da arte». «Véem-se aínda entre as flores as marcas das suas passadas. Não se deveriam ver. Do poeta deve ser o ter passado sem outro vestígio que permanecerem as rosas», escribía Pessoa en carta a un poeta amigo. «Eu non sería eu se non puidese ser outros», afirmaba Paul Valéry. En cada novo paso que dá o artista para darlle forma ao que quere dicir pousa os seus pés no que fixeron outros. Non parte de cero. Herda unha obra en construción: a historia da arte. A arte, así, vén ser coma un longo, infinito poema executado a moitas mans, un «cadáver exquisito» onde o artista actual escribe o último verso con imaxes que se constrúen polo procesamento interno do antigo. Nada máis orixinal; nada máis un que nutrirse dos demais. Pero cómpre dixerilos. O león está feito de año asimilado, afirmaba o poeta francés.

EL AUTOR Y LA AUTORÍA

Según Deleuze y Guattari 'El espacio del nómada es liso, sólo estará marcado por trazos que se borran y desplazan con el trayecto'. Así Aldemunde se convierte en el espacio del nómada, el de un autor que transita por los estilos, descomponiendo el camino del cuadro. Que nadie conozca sus pasos, que el proceso sea un misterio, tal es su labor. Borrar las huellas. Que no sepan cómo lo hizo. Pero que tampoco sepan que es suyo. Nomadismo de autoría.

Decía Óscar Wilde 'el artista es el creador de cosas bellas. Revelar el arte y ocultar al artista es la finalidad del arte'. 'Véem-se aínda entre as flores as marcas das suas passadas. Não se deveriam ver. Do poeta deve ser o ter passado sem outro vestígio que permanecerem as rosas', escribía Pessoa en carta a un poeta amigo. 'Yo no sería yo si no pudiese ser otros', afirmaba Paul Valéry. En cada nuevo paso que da el artista para dar forma a lo que quiere decir apoya sus pies en lo que han hecho otros. No parte de cero. Hereda una obra en construcción: la historia del arte. El arte, así, viene a ser como un largo, infinito poema ejecutado a muchas manos, un 'cadáver exquisito' donde el artista actual escribe el último verso con imágenes que se construyen por el procesamiento interno de lo antiguo. Nada más original; nada más uno que nutrirse de los demás. Pero hay que digerirlos. El león está hecho de cordero asimilado, afirmaba el poeta francés.

E así a pintura exponse como un proceso de recoñecemento do outro, pintar convértese nun exercicio de reflexión e de tolerancia, e de recoñecernos cos outros que levamos dentro. É sintonizar coa outredade.

No seu libro Octava poesía vertical, o poema de Roberto Juarroz fálanos disto:

> Decir una palabra excluye a todas las otras,
> abrir un libro cierra todos los demás,
> pensar una sola cosa desequilibra al mundo,
> amar a alguien es el mayor olvido.
> El ejercicio puntual de una sola vida
> no podrá tener sentido nunca.
> Queda sólo encontrar el plural.

«Ninguén toleraría a vida sen vidas emprestadas, a propia non abonda», recórdanos Canetti. A pintura adoita considerarse unha marca de identidade, pero esa marca non debería ser nunca monolítica, única, senón diversa, plural; somos un que leva a moitos dentro e isto debe deixarse ver no traballo. Que o estilo non fagocite ao pintor. Velaí do que se trata.

Deste xeito, o autor móvese dentro dunha tendencia cara a despersonalización, cara o uso de máscaras, cara a heteronimia e, por unha necesidade ineludible, séntese abocado a compartimentar as súas obras pictóricas dun modo radical atribuíndollelas a personalidades autónomas, que non eran enteiramente el mesmo, sen, con todo, deixar de selo. En 1832, pouco antes de morrer, Goethe confesoulle a un visitante: «as miñas obras están nutridas por miles de individuos diversos, ignorantes e sabios, intelixentes e obtusos. […] a miña obra é a dun ser colectivo que leva o nome de Goethe».

O AUTOR E AS SOMBRAS

O pintor crea imaxes e dá a oportunidade de ser e dende a certeza da nada xorden obxectos, formas, nacen á luz e levántanse nos espazos que a escuridade baleirara. Furga neste magma escuro, cando as cousas non foron de todo trabadas e definidas, deixando os elementos coma se estivesen no aire.

Y así la pintura se plantea como un proceso de reconocimiento del otro, pintar se convierte en un ejercicio de reflexión y de tolerancia y reconocernos con los otros que llevamos dentro. Es sintonizar con la otredad.

En su libro 'Octava poesía vertical', el poema de Roberto Juarroz nos habla de ello:

> Decir una palabra excluye a todas las otras,
> abrir un libro cierra todos los demás,
> pensar una sola cosa desequilibra al mundo,
> amar a alguien es el mayor olvido.
> El ejercicio puntual de una sola vida
> no podrá tener sentido nunca.
> Queda sólo encontrar el plural.

'Nadie toleraría la vida sin vidas prestadas, la propia no basta', nos recuerda Canetti. La pintura suele considerarse una marca de identidad, pero esa marca no debería ser nunca monolítica, única, sino diversa, plural, somos uno que lleva a muchos dentro y esto debe translucirse en el trabajo. Que el estilo no fagocite al pintor. De eso se trata.

De esta manera, el autor se mueve dentro de una tendencia para la despersonalización, para el uso de máscaras, para la heteronimia y, por una necesidad ineludible, se siente abocado a compartimentar sus obras pictóricas de un modo radical atribuyéndoselas a personalidades autónomas, que no eran enteramente él mismo, sin con todo dejar de serlo. En 1832, poco antes de morir, Goethe confesó a un visitante: 'mis obras están nutridas por miles de individuos diversos, ignorantes y sabios, inteligentes y obtusos. […] mi obra es la de un ser colectivo que lleva el nombre de Goethe'.

EL AUTOR Y LAS SOMBRAS

El pintor crea imágenes y da la oportunidad de ser y desde la certeza de la nada surgen objetos, formas, nacen a la luz y se levantan en los espacios que la oscuridad había vaciado. Hurga en este magma oscuro, cuando las cosas no han sido del todo trabadas y definidas, dejando los elementos como en el aire.

Lémbranos Schopenhauer que «a arte saca da corrente que arrastra o curso do mundo o obxecto da súa contemplación, illándoo ante si, e ese obxecto senlleiro, que nesa corrente era un elemento tan insignificante coma fuxidío, tórnase para a arte un representante do todo».

Todas estas criaturas non foron 'feitas' polo pintor, senón sorprendidas no instante de se apareceren: petaron e foron recibidas, abríuselles a porta, xurdiron na tea e foron apreixadas, conxeladas, atrapadas polo artista na decisión suprema que decide a sorte da obra, ese momento de máxima tensión para o pintor que é cando as cousas hai que suxeitalas para que non as leve un vento calquera, aboiando ceibes como están polo cadro.

Así, pintar é coma se conxelásemos o intre dun fluído ou masa a se desprazar por un espazo ingrávido e baleiro. Pero xa está a luz, e con ela, a sombra. A luz é a máis alegre das cousas: converteuse no símbolo de todo o bo e de todo o saudable, e posúe a influencia máis decisiva sobre o coñecemento de cada obxecto fermoso. A súa presenza é unha condición indispensable e a súa oportuna colocación realza a beleza do máis belido. Porén, dende o outro lado do espello, para Leonardo a beleza é unha gradación da sombra, pois é o elemento que debe unir o home e a natureza que o rodea, que debe encher o baleiro perspectivo e envolver a imaxe. A sombra pon en relación a forma coa atmosfera que a rodea, creando na penumbra un principio de cor sen cores.

A vida do artista será, como di Valente, un «pairar na incerta realidade do ser, tentar ás cegas o improbable, non ter onde asirse de tanta sombra». A acción de pintar, esa misteriosa equivalencia entre pensamento e acción, convértese nun acto que Croce denominou «intuición lírica». O artista deixará a obra alí onde a palabra non chega, onde a intuición esmorece. O autor, sempre á espera da descuberta, do encontro, deixa de oír a palabra que o guía, daquela estará rematada para el, agora tócalle continuar facéndose na viaxe a través dos ollos dun posible espectador.

Nos recuerda Schopenhauer que "el arte saca de la corriente que arrastra el curso del mundo al objeto de su contemplación, aislándolo ante sí, y ese objeto singular, que en esa corriente era un elemento tan insignificante como fugaz, se torna para el arte un representante del todo".

Todas estas criaturas no fueron "hechas" por el pintor, sino sorprendidas en el instante de aparecerse: llamaron y fueron recibidas, se les abrió la puerta, surgieron en la tela y fueron aprehendidas, congeladas, atrapadas por el artista en la decisión suprema que decide la suerte de la obra, ese momento de máxima tensión para el pintor que es cuando las cosas hay que sujetarlas para que no se las lleve un viento cualquiera, flotando libres como están por el cuadro.

Así, pintar es como si congeláramos el instante de un fluido o masa desplazándose por un espacio ingrávido y vacío. Pero ya está la luz, y con ello, la sombra. La luz es la más alegre de las cosas: se ha convertido en el símbolo de todo lo bueno y de todo lo saludable, y posee la influencia más decisiva sobre el conocimiento de cada objeto bello. Su presencia es una condición indispensable, y su oportuno emplazamiento realza la belleza de lo más bello. Sin embargo, desde el otro lado del espejo, para Leonardo la belleza es una gradación de la sombra pues es el elemento que debe unir el hombre y la naturaleza que rodea a éste, que debe rellenar el vacío perspectivo y envolver la imagen. La sombra pone en relación la forma con la atmósfera que la rodea, creando en la penumbra un principio de color sin colores.

La vida del artista será como dice Valente, un 'flotar en la incierta realidad del ser, tentar a ciegas lo improbable, no tener asidero de tanta sombra'. La acción de pintar, esa misteriosa equivalencia entre pensamiento y acción, se convierte en un acto que Croce ha denominado 'intuición lírica'. El artista dejará la obra allí donde la palabra no llega, donde la intuición flaquea. El autor, siempre a la espera del hallazgo, del encuentro, deja de oír la palabra que le guía, entonces estará acabada para él, ahora le toca continuar haciéndose en el viaje a través de los ojos de un posible espectador.

